

R. BARONA BETANCOURT: *EL PRINCIPIO DE ESTABILIDAD LABORAL*, Ediciones Nueva Jurídica (Colombia, 2015).

DOI: <http://dx.doi.org/10.15304/dereito.24.1.2618>

O letrado colombiano RICARDO BARONA BETANCOURT procura con "El Principio de Estabilidad Laboral" un obxectivo claro e que se desprende meridiano da presentación realizada polo autor (p. 26): aportar unha contribución "ao esforzo nacional e internacional por un mundo libre de violacións ao traballo digno", para o que se propón estudar dun xeito sinxelo e obxectivo o principio de estabilidade laboral, fortalecendo así a bibliografía que existe ao respecto.

A obra, prologada polo ex-director da OIT, JEAN-MICHEL SERVAIS, presenta unha estrutura lóxica e sistemática, con tres capítulos. O primeiro deles, "Marco conceptual do principio de estabilidade laboral" (pp. 25-29), permite unha achega sucinta á concepción do principio de estabilidade que foi construída pola doutrina e pola xurisprudencia. De contado, no segundo dos capítulos, "Protección internacional do principio de estabilidade laboral" (pp. 31-135), o autor entra de cheo no tratamento que a comunidade internacional lle deu a esta regra informadora do Dereito do Traballo e, en derradeiro lugar, atópase o capítulo máis longo en extensión, que é o que se ocupa da análise do obxecto de estudo da obra no Dereito colombiano, baixo a rúbrica de "Protección nacional do principio de estabilidade". Finaliza o traballo coa referencia ás abondosas fontes doutrinarias, legais e xurisprudenciais que foron tidas en conta polo autor para a confección do ensaio.

Aínda que se presenta como un tratado de Dereito do Traballo non é tal, senón que é unha análise multidisciplinar e transversal -dende o punto de vista xurídico- dunha mesma realidade efectuada a través dos prismas do Dereito Internacional Privado, Constitucional, Administrativo e Laboral.

Tendo como entrante a definición do principio de estabilidade dada pola Corte Constitucional Colombiana como aquel que "indica a certeza que debe asistir ao traballador no senso de que, mentres da súa parte haxa observancia das condicións fixadas pola lei en relación co seu desempeño, non será removido do emprego" (p. 28 *in fine*), comeza no capítulo segundo unha viaxe con numerosas paradas: a Declaración Universal de Dereitos Humanos, o Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais, a Resolución 60/1 da Asemblea Xeral das NNUU, distintos convenios da OIT, a Convención Americana de Dereitos Humanos, a Carta Social Europea ou a Carta Africana dos Dereitos Humanos dos Pobos. Así, vai debuxando o autor a traxectoria percorrida polo que dá en denominar sistemas universal e rexional de protección. Os instrumentos citados veñen confluír na materialización dun obxectivo: dereito ao traballo e estabilidade unha vez acadado este.

A continuación, BARONA BETANCOURT efectúa un exercicio de Dereito Comparado ao debullar as manifestacións do principio de estabilidade no

marco dos ordenamentos xurídicos español, arxentino, peruano, mexicano, venezolano e ecuatoriano. En tódolos casos o esquema elixido é análogo, é dicir, *i/* análise do marco constitucional, *ii/* análise do marco normativo de Dereito do Traballo, *iii/* análise da normativa de Dereito Administrativo (empregados públicos) e, finalmente, *iv/* estudo da casuística xurisprudencial.

Por regra xeral, as Constitucións de tódolos Estados estudados polo autor conflúen no recoñecemento do dereito ao traballo en condicións de dignidade. Agora ben, como explica o constitucionalista ANTONIO-CARLOS PEREIRA MENAUT*, este como tódolos de corte social, non é un dereito en sentido propio, habida conta de que non é xusticiábel, de aí que "os dereitos sociais só poden entenderse na Constitución como metas ou obxectivos políticos mais que como dereitos en sentido xurídico. Isto só acontecerá cando o Estado os desenvolva dándolles un contido xurídico -e económico- certo e identificábel, o que dependerá dos medios económicos dos que dispoña". Singularmente, o chamado dereito ao traballo, por exemplo, o Tribunal Constitucional español reconduciuno á ausencia de discriminación no acceso a un emprego. É por iso polo que o Prof. PEREIRA afirma que "Cabería sinalar -en termos coloquiais- que, como di o refrán castelán 'para esa viaxe non eran preciso alforxas': se ao que temos dereito non é propiamente a un posto de traballo en si, senón só á non discriminación inxusta na adxudicación de postos de traballo, sobrarán tódolos dereitos constitucionais menos o 14 (e o 24, porque tamén temos dereito a un proceso xusto)". En efecto, o artigo décimo cuarto da Constitución Española é o que consagra a igualdade formal.

BARONA BETANCOURT non é alleo ao que se vén de apuntar, sendo polo que lle presta especial atención á materialización que os distintos Estados plasmaron con base nas obrigas internacionais e nos propios recoñecementos constitucionais internos.

Así, analízanse os principais puntos do Estatuto dos Traballadores español que se poden considerar concrecións do principio de estabilidade: dereitos dos traballadores ata as modalidades de despedimento. De igual xeito, tamén se fai unha sucinta referencia ao Estatuto Básico do Empregado Público. Na mesma liña cá encabezada por España, segue estudando o autor o réxime arxentino, cuxa norma esencial, a Lei 20.744 de Réxime do Contrato de Traballo contempla unha singular protección do traballo da muller en situación especialmente vulnerábel (maternidade, matrimonio...). E a mesma eséxese efectúa coa Lei 25.164, Marco de Regulación do Emprego Público Arxentino, coa Lei de Produtividade e Competitividade Laboral peruana, coa Lei Federal mexicana e, así, coas normas reguladoras do emprego privado e público venezolanas e colombianas, tamén. E todo complementado con cadansúa casuística xurisprudencial.

O derradeiro capítulo do libro, como se apuntou, adícase á realidade xurídica do Estado propio do autor, é dicir, Colombia. E faino BARONA

*A-C. PEREIRA MENAUT: *Derecho Constitucional Español*, Tórculo Edicións, Santiago de Compostela, 2006, páxs. 225-226

BETANCOURT sendo fiel ao esquema que veu empregando no capítulo precedente, cunha única peculiaridade: no canto de reservar un último apartado para debullar o tratamento xurisprudencial da materia, aglutina nun apartado 3.2 a regulación legal e as referencias xurisprudenciais do principio de estabilidade.

Nunha sucesión de doce apartados, pódese atopar unha fonda análise do foro sindical como aquel do que gozan non só aqueles aos que a lei lle atribúe, senón tamén, e por virtude dunha interpretación xurisprudencial, aqueles aos que lle atribúa a convención colectiva aplicábel. Os beneficios laborais que se sustentan na estabilidade pasan polo carácter formal e causal do despedimento ou das modificación das condicións de traballo. Xunto a este réxime, tamén se abordan as proteccións que o ordenamento xurídico lle outorga a aqueles traballadores que lle presentan un "prego de petición" ao empregador no marco dunha negociación colectiva, que non poden ser despedidos durante os termos legais das etapas establecidas para o arranxo do conflito. De igual xeito nos sucesivos apartados vaise debullando o tratamento que o lexislador e a xurisprudencia lle deron a aquelas situación de especial susceptibilidade para ao traballador (p. ex.: exercicio do dereito de folga), o teletraballo ou a maternidade. Cómpre salientar que, por mor da súa vocación de transversalidade, adícaselle neste libro un apartado notoriamente significativo ao réxime laboral dos empregados públicos en Colombia: dende a conceptualización no seu Dereito autónomo de "empregado público", pasando polas distintas modalidades de acceso (carreira administrativa, de libre nomeamento...), tipos de empregos públicos e, por suposto, a remoción do posto. Tamén é relevante a análise a fondo que se efectúa arredor da complexa relación existente entre o principio de estabilidade laboral e a supresión e liquidación das entidades públicas.

En definitiva, a obra de RICARDO BARONA BETANCOURT constitúe un tratado teórico sobre a regra informadora do ordenamento xurídico que lle dá título, mais non dende un punto de vista abstracto, senón a través das súas manifestacións tanto no Dereito internacional como no Dereito interno, non só do Estado do que é natural o autor, Colombia, senón tamén levando a cabo unha viaxe de Dereito Comparado abundante; e todo iso non só dende a óptica do Dereito do Traballo, senón tamén do Dereito Constitucional e Administrativo. Por outra banda, a perspectiva inherente á obra presidida polo principio de estabilidade trae consigo que se poidan estudar sen necesidade de saír das mesmas páxinas institucións de Dereito do Traballo que, a pesar de aparentemente seren independentes entre elas, aquí se unen porque, teleologicamente falando, comparten finalidade. E cómpre salientar que tódalas análises efectuadas polo autor están acompañadas das actuacións xurisprudenciais que, a xuízo do autor, foron máis relevantes en relación con cada unha das manifestacións do principio de estabilidade, o que é lle atribúe ao libro un carácter pragmático moi valioso porque, como ben se sabe, non é nada exorbitante que os camiños do Dereito normativo e xurisprudencial moitas veces non sexan coincidentes.

Así as cousas, non se pode pór en dúbida que, como di o autor na

presentación que fai da obra, que as bibliotecas xurídica incorporan unha minuciosa análise do principio de estabilidade laboral, da súa regulación teórica e das súas problemáticas prácticas, levada a cabo dende distintas perspectivas e baixo distintas ópticas e cunha finalidade clara e necesaria: contribuír na protección do traballo digno na sociedade actual.

Delfín Martínez Conde
Avogado en Penabad Avogados (ICA Santiago de Compostela)